



Relatorio Político

**Asamblea Xeral Movemento
Sumar Galicia.**

23 de novembro de 2024



Movemento
Sumar
Galicia

RELATORIO POLÍTICO

INTRODUCCIÓN: O POR QUE DO Movemento Sumar Galicia	2
1. ORIXE E PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS	3
2. DE GALICIA A EUROPA	5
Un goberno progresista no Estado	5
O compromiso dun país a favor	7
Un europeísmo galeguista	8
3. A NECESIDADE DE Movemento Sumar Galicia	10
4. UN PROXECTO PARA A PRÓXIMA DÉCADA	12
1. Un Estado do Benestar avanzado	12
2. O feminismo no centro	13
3. Emprego, dignidade laboral e democracia na empresa	13
4. A Vivenda, un dereito	14
5. Un rural galego vivo	15
6. Autogoberno nacional	16
7. Lingua	16
8. Cultura e patrimonio	16
9. Industria	16
10. Enerxía, eficiencia no consumo de recursos, redución das emisións de CO ₂	17
11. A tripla transición en Galicia	17
12. Unha Galicia diversa	17
13. Ciencia, Tecnoloxía, Innovación e Universidades	18
14. Ordenación de territorio, infraestruturas e mobilidade	18
15. Infancia e mocidade	19

INTRODUCCIÓN: O POR QUÉ DO Movemento Sumar Galicia

En Movemento Sumar Galicia temos unha única razón para existir: queremos gobernar este país. E queremos facelo con ambición, porque construírmos un país con futuro non é unha tarefa abstracta, senón que pasa por poñer en marcha accións políticas concretas. Queremos poñer a nosa experiencia de goberno ao servizo das galegas e dos galegos, cara a posta en marcha de accións políticas públicas útiles e cara á consecución de novos dereitos de cidadanía que fagan deste un país onde todo o mundo queira vivir, coa tranquilidade de facelo en liberdade e en plenitude.

As galegas e galegos somos brillantes. Galicia é un país brillante. Só precisa dun goberno valente, innovador e comprometido coa transformación política, económica e social que merecemos.

Estar no MOVEMENTO supón un compromiso ético e una convicción de que paga a pena construírmos ese futuro mellor. Porque queremos ser vangarda. Queremos transformar a realidade poñendo en valor a Galicia urbana e a rural, o país dinámico e diverso que xa somos. E imos facelo sen deixar a ninguén atrás.

1. ORIXE E PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS

Galicia leva máis de 40 anos malgastando a súa autonomía política, reclamada nas rúas polo pobo galego, desaproveitando oportunidades e colocando as nosas institucións ao servizo do Partido Popular na vez de ser ferramentas a prol do ben común. Unha falta de capacidade política e de xestión por parte do goberno galego que tivo o seu punto de inflexión coa catástrofe ambiental do Prestige, que foi contestada nas rúas pola Plataforma Nunca Máis, no 2003, e que foi pioneira na denuncia dun modelo económico depredador e destrutor da vida no planeta. Nese mesmo ano, foi o movemento pacifista do 'Non á guerra' o que tomou o relevo nas rúas, e que unicamente durante o goberno bipartito progresista Galicia puido parcialmente tumbar as mentiras e as políticas belicistas do goberno de Aznar.

Con estes antecedentes inmediatos chegou a crise económica e financeira de 2008 que constatou o esgotamento dun modelo económico financeiro baseado na precarización de amplos sectores sociais e no empobrecemento de amplas capas da poboación. As respostas neoliberais tanto da Unión Europea como do goberno español demostraron a submisión indisimulada dos representantes públicos a poderes económicos non elixidos por ninguén. Colocando as nosas institucións e gobernos -Xunta, Estado ou UE- ao servizo dos poderes económicos e de *lobbies* que funcionaban aparte das decisións democráticas. Esta situación provocou o colapso da diferenza esquerda-dereita que ordenaba e lexitimaba o sistema bipartidista sobre o que se asentaba o réxime de 1978, que ademais tamén era cuestionado pola crecente tensión territorial derivada dun acordo nunca pechado e sempre sometido a tentacións de reversión.

Pulverizados os mecanismos de canalización das reivindicacións políticas, xunto coa degradación do prestixio das elites políticas e económicas, a resposta a esta crise chegou das rúas, do movemento 15M do 2011 que mostraba a indignación das novas xeracións diante das numerosas crises que asolaban as nosas sociedades. Este movemento indignado, xunto coas folgas sindicais e outras reivindicacións sociais, foi o catalizador que abriu un proceso popular que configurou un impulso político diverso, amplo e transversal. Este proceso popular, artellouse politicamente e en Galicia tivo como primeira expresión política o éxito das mareas municipalistas en moitas cidades e vilas do noso país, así como unha ampla representación política tanto nas Cortes do Estado como no Parlamento galego.

Movemento Sumar Galicia nace, polo tanto, desa tradición democrática e galeguista do noso país, inspirada polos principios republicanos da liberdade, a igualdade e a fraternidade. Unha tradición e unha familia política que asenta as súas bases nestes movementos de loita e protesta, e especialmente na forza transformadora do movemento obreiro e sindical, que foi un poderoso vector de incorporación das masas á loita política; no movemento ecoloxista e de defensa do territorio que ten sido a vangarda contra as agresións ambientais que padece Galicia; e no movemento feminista, que, da man do movemento LGTBIQA+, loitou pola igualdade, a xustiza social, os dereitos humanos e as liberdades democráticas. Galeguismo, republicanismo, laborismo, ecoloxismo e feminismo.

Con estes antecedentes, Movemento Sumar Galicia nace como un espazo transversal e democrático que quere ensanchar a democracia e os mecanismos de participación da cidadanía nos eidos políticos, sociais, económicos e culturais. Unha organización política galega que procura dar resposta as ansias transformadoras e de modernización de Galicia, que quere ser ampla e acoller as persoas que comparten os seguintes principios e valores ideolóxicos e políticos:

- Os ideais do **benestar social**, recoñecéndose na tradición da esquerda democrática e nos valores da igualdade e da xustiza social.
- O **laborismo** e os valores do progresismo.
- O **feminismo** que defende a igualdade real e efectiva, como ferramenta fundamental de transformación social dun xeito transversal.
- O **ecoloxismo** e a urxencia dunha transición ecolóxica que sexa xusta e que faga fronte á emerxencia climática.
- O **pacifismo** e a promoción dos **dereitos humanos** nos eidos sociais, políticos, culturais e institucionais.
- A defensa do valor e da riqueza da nosa **lingua e cultura propias**.
- O **recoñecemento nacional de Galicia** e o **federalismo** como respostas á necesidade da ampliación e reforzamento político e competencial do autogoberno.
- O **européismo** e o internacionalismo que defende un modelo social aberto e baseado na solidariedade e no respecto dos pobos como eixos fundamentais para a construción de cidadanía europea.
- A **laicidade** para operar libres de influencia relixiosa, defendendo a liberdade de conciencia e o dereito a elixir as propias crenzas, pero sen que isto signifique apoiar privilexios, abusos, prácticas ou partes das diferentes doutrinas que fomenten odio, discriminación ou vulneración de principios e dereitos humanos.

A sociedade está inmersa nunha batalla cultural na que o neoliberalismo está a gañar a partida. Por iso, temos que desmontar os enganados recorren os que nos someten e que a sociedade foi asimilando como se fosen verdades empíricas. Non é certo que as empresas privadas sexan máis eficientes que as públicas nin que se saia das crises con austeridade, senón que é necesaria a inversión pública para acadalo. Temos que explicar que a política non consiste nunha confrontación de proxectos intelectuais que parten de ideais e valores diferentes lexítimos, senón que mentres unhas persoas intentamos defender os dereitos da maioría, outras so buscan saquear o país e manter, con falsidades e mentiras, os privilexios dunha elite económica depredadora. Temos que ser claros co electorado aínda que a verdade resulte provocativa, porque so removendo conciencias conseguiremos transformar o mundo.

2. DE GALICIA A EUROPA

O contexto político no que nace Movemento Sumar Galicia conta con tres escalas básicas desde o ámbito galego ata o europeo e pasando polo estatal.

A nosa propia historia, reciente pero intensa, lévanos a unha primeira construción estatal, que nace do primeiro goberno de coalición progresista no Estado e que tantas veces ten sido o contrapeso dunha realidade galega tinxida de negro por anos de goberno da dereita. Sempre planeando, ademais, unhas institucións europeas que ás veces exercen como garantes de dereitos e transformacións posibles e outras veces manteñen a súa complicidade co modelo neoliberal do que moitas veces son impulsoras e motor.

Un goberno progresista no Estado

Nos últimos anos, o avance da onda reaccionaria mundial, impulsada polo Tea Party e a vitoria electoral de Trump, o retroceso do primeiro Podemos, do Outubro soberanista catalán, os ataques contra o feminismo e a deriva esencialista dunha parte do mesmo alimentaron unha contraonda de signo reaccionario que consideraba amortizado o consenso de 1978, xa que xa non pretendía simplemente controlar os impulsos transformadores, senón que procuraba que estes desafíos xa non fosen posibles de novo, postulando unha involución autoritaria.

Así, produciuse o paradoxo de que nacía un goberno de coalición progresista no medio dun clima social e político de ofensiva reaccionaria.

Ese Goberno tamén tivo que afrontar a pandemia mundial de COVID e as consecuencias da invasión de Ucraína. Estas crises foron o detonante dun proceso de enfrontamento entre as elites mundiais que se viña xestando desde mediados da última década. Se a reacción á Gran Recesión de 2008 foi brutal, unificada e en xeral reaccionaria-neoliberal, a partir de 2020 houbo un pulo visible desas mesmas elites, especialmente na Unión Europea, para buscar unha solución progresista a esta crise sen precedentes. Os dogmas neoliberais, e as súas prácticas asociadas, comezaron a ser cuestionados desde os máis altos niveis, o que permitiu reforzar o carácter social e democrático do Estado por primeira vez en moitas décadas. A tradución desta excepcionalidade a nivel nacional foi contraditoria. Por unha banda, empurrou ao Goberno, fundamentalmente, nunha posición ideoloxicamente defensiva, con moitas dificultades para pensar máis aló de prazos curtos. Porén, esta apertura internacional no ámbito da intervención política permitiu activar unha serie de propostas no ámbito laboral, social e ambiental, ao amparo dos plans de reconstrución e resiliencia da Unión Europea, que doutro xeito serían imposibles. Finalmente, a nivel puramente político, impuxo un proxecto de ampliación do espazo político das forzas transformadoras, populares e progresistas, que tiveron que reaccionar ante esta creba entre as elites e os profundos cambios que se produciran no propio pobo.

É nestas circunstancias onde nace SUMAR, como unha proposta política moi ligada á iniciativa de Yolanda Díaz e á súa actuación como ministra de Traballo, e un compromiso colectivo dos compañeiros e compañeiras do Ministerio: marcándoa, na súa propia definición, cun claro perfil laboral e unha defensa inequívoca da clase traballadora. O obxectivo é saír do curto prazo e da situación de estancamento a nivel estatal das forzas transformadoras, e abrir un proceso cidadán, que comezou co Proceso de Escoita e a elaboración dun proxecto de país para a próxima década, para pensar sobre un horizonte de futuro para España: xustiza social, feminista, plurinacional, transición ecolóxica e expansión da democracia. O obxectivo era botar unha ollada longa á política transformadora, arredor da que artellar, case unha década despois, as mellores experiencias que se mantiveron presentes tras a decadencia do que naquel momento era “o espazo do cambio”. O Proceso de Escoita foi un camiño de recollida de ideas, cooperación, aprendizaxe, innovación e forzas para estar en condicións de abrir un novo momento de progreso democrático, socializador, ambiental e feminista.

Este foi necesariamente un lento proceso de deliberación, articulación e innovación, que se viu alterado pola anticipada e sorpresiva convocatoria de eleccións xerais. Movimiento SUMAR chegou a estas eleccións nunhas condicións francamente difíciles: sen terse aínda construído como proxecto político-electoral, sen ter sido quen de pechar acordos con formacións políticas afíns, e no medio dun clima de profundo desánimo progresista, e, polo tanto, un impulso para concentrar un voto defensivo no PSOE.

Porén, fomos capaces, primeiro, de levar unha vitoria moral contra a resignación; posteriormente, sendo a forza decisiva na consecución dunha vitoria moi pechada do campo progresista que permitiu a formación dun novo goberno de coalición progresista apoiado por unha maioría parlamentaria de forzas democráticas.

Sumar é unha forma de goberno e de mobilización, cun pe nas institucións e outro na rua. Sumar ten a vontade decidida de participar nos diferentes ámbitos de goberno, ali onde se toman as decisións que condicionan a vida da xente.

Pero en ningún caso renuncia a formar parte dos procesos sociais de mobilización, porque a participación activa da cidadanía é a mellor garantía de que se governe en beneficio da maioría social.

Movemento Sumar Galicia asume a dialéctica complexa entre gobernar e mobilizar, situándose sempre no lado da xente: gobernar obedecendo, gobernar para mudar a realidade, gobernar para o ben común.

Movemento Sumar Galicia ten a vontade de superar as contradicións que se poidan dar tanto nos gobernos como nos movementos sociais nos que participa. Actuará sempre con lealdade pero sen renunciar á defensa das súas propostas.

O compromiso dun país a favor

Galicia leva anos presa dun modelo neoliberal caracterizado polo desleixo e abandono dos servizos públicos esenciais como a sanidade, a educación ou a dependencia, que derivaron nun país que é, substancialmente, peor que o de fai máis dunha ducia de anos, e que pode chegar a hipotecar o futuro de vindeiras xeracións.

En datos de emprego, en calidade de vida, en peso específico de Galicia no conxunto do Estado, ademais de noutros moitos indicadores, estamos, comparativamente, peor do que hai 15 anos. Igualmente, Galicia perde poboación e non existe dinamismo económico que permita reverter esa situación.

Unha Galicia máis cativa no seu autogoberno, que non acadou nin unha soa competencia durante todas as lexislaturas dunha dereita que tampouco tivo vontade política de exercer o autogoberno e dignificar as institucións propias.

Un de cada catro galegas ou galegos viven en situación de pobreza ou risco de exclusión social alcanzando esta cifra os 34% no caso da infancia, xuventude e mulleres. SOS Sanidade Pública leva máis dunha década alertando do colapso das urxencias, dos poucos minutos por paciente que ten cada sanitario ou sanitaria, das listas de agarda nas especialidades ou da incapacidade de poder atender as 24 horas nalgúns centros de saúde comarcais.

Os coidados constitúen o terceiro pé do Estado do Benestar, ao igual que a sanidade e a educación. O goberno de dereitas galego é o segundo goberno autonómico que menos inviste en dependencia, e faino a través dun modelo vello e contestado por la OMS e outras institucións internacionais: afastar ás persoas maiores en residencias. E, alén diso, existe en Galicia un serio déficit de prazas en residencias, a maioría en mans privadas, con listas de espera de case 2000 persoas.

Despois dun proceso de solicitude de Dependencia moi farragoso, a Xunta tarda ate dous anos en resolver cada expediente, o que supón que arredor de 9000 galegos e galegas falecen cada ano agardando unha resposta. A “Asociación Estatal de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales” sitúa a Galicia entre as Comunidades Autónomas que fixeron caixa co diñeiro que envía o Estado para Dependencia, no lugar de adicalo á redución de listas, ampliación de prazas públicas ou mellora xeral do servizo.

Por outra banda, durante a última década e media non existiron políticas públicas de vivenda. Na actualidade atopámonos con alugueiros desorbitados para a maioría das familias, persoas traballadoras, especialmente para as mozas.

A CRTVG está sendo sometida a unha terrible manipulación denunciada polos seus traballadores e traballadoras a través dos venres negros. A CRTVG ven sendo empregada como órgano de propaganda do goberno galego de dereitas.

No tocante á nosa lingua, un de cada catro rapaces de entre 5 e 14 anos sabe falar pouco ou nada en galego e o número de falantes diminúe cada ano, existindo unha clara vinculación desta perda co papel institucional e as accións políticas promovidas pola dereita (Decreto de plurilinguismo de 2010).

Por último, os problemas dos concellos galegos xa son crónicos, cun exceso de competencias e falta de financiamento, ademais da perpetuación dun modelo de goberno caciquil, cunha rede empregada para beneficiar aos concellos onde goberna a dereita e prexudicar a aqueles nos que non o fai.

O Movemento SUMAR GALICIA rexistrouse formalmente en novembro de 2023 co obxectivo de conformar una coalición coas forzas de izquierdas coa intención de gañar o goberno galego. Nese momento, asumimos a urxente e imperiosa obriga de converter Galicia nun país a favor, nun referente para facer que as vidas non doan, que sexan mellores. Somos un movemento enfocado a construímos colectivamente benestar, certezas e xustiza social, por medio de accións e actuacións políticas valentes que melloren as condicións materiais de vida das galegas e galegos para sermos máis libres e enfrontarmos o futuro con esperanza. Un proxecto de país feminista e que sitúa os coidados no centro. Que entende que a xustiza social pasa tamén por coidar e coidarnos, por construír condicións de dignidade colectiva que permitan que cada quen poida desenvolver os seus proxectos de vida en liberdade.

Nunha carreira contra reloxo artellamos unha promotora de 50 valiosísimas persoas para afrontar as eleccións galegas e negociamos ilusionadas cos compañeiros e compañeiras de Esquerda Unida e Podemos Galicia. A unidade non foi posible, pero así e todo apuramos unha campaña moi difícil coa mirada longa e traballando ata a extenuación. Sufrimos unha gran derrota no electoral, pero atopámonos co nacemento dun espazo que xa contaba con militancia propia e gañas de seguir adiante, de continuar loitando polo país a favor que merecemos as galegas e galegos.

Un europeísmo galeguista

Galicia non é un país alleo á construción política de Europa, como tampouco Europa e a comunidade internacional foron alleos á nosa personalidade propia como “célula de universalidade”. Unha condición nacional que foi recoñecida xa en 1933 no IX Congreso de Nacionalidades Europeas, organismo da Sociedade de Nacións. Aí temos un exemplo primixenio desa vocación de construír comunidade política alén das nosas fronteiras e, aínda, serían moitas outras as referencias sociais, culturais, de múltiples activismos ou de loita, con capacidade para introducir ideas progresistas, transformadoras, vangardistas e, en definitiva, revolucionarias, no acervo ideolóxico de Europa e do Estado español.

Hoxe, esta construción europea cristaliza nunha Unión Europea que precisa movementos como Sumar para ensanchar a democracia e avanzar na xustiza social. Europa precisa de forzas políticas que marquen un rumbo transformador para que a xente viva mellor, para combater a precariedade,

para defender e avanzar nas conquistas feministas, nos dereitos LGTBIQA+ e para asegurar un futuro para a mocidade ou para blindar todos os dereitos e liberdades, tamén no afectivo-sexual.

Europa precisa de forzas políticas como Movimiento Sumar e Movemento Sumar Galicia, que sexan pacifistas e consecuentes, que se opoñan á agresión rusa en Ucraína e ao xenocidio do pobo palestino. Forzas que aposten por sentar as bases para a paz, como é o recoñecemento de Palestina como Estado, proposto pola nosa organización como condición necesaria para un pacto de goberno no Estado.

A Unión Europea precisa de movementos como Movemento Sumar Galicia para facela máis crible. Son necesarias forzas políticas serias, valentes e con capacidade de goberno para fomentar unha transición ecolóxica xusta, contrarias a proxectos como os de Altri en Palas de Rei. Opcións políticas que teñan competencia para xerar alternativas inmediatas de industrialización verde e descarbonizadora para Galicia.

Nun momento de encrucillada e excepcionalidade, queremos marcar un rumbo claro para Europa como facemos dende o goberno do Estado. Un rumbo que transite por un camiño de progreso, paz, inclusión, feminismo e prosperidade con xustiza social, tamén para Galicia e, en especial, para as súas traballadoras e traballadores.

3. A NECESIDADE DE Movemento Sumar Galicia

Estamos convencidas de que as políticas que melloran a vida das galegas son aquelas que nacen das necesidades reais e asumen a intelixencia colectiva como a mellor das intelixencias, conectando cos desexos e anhelos da vida cotiá. Neste sentido queremos **pensar e facer para avanzar** reforzando a idea de que o diálogo, a negociación e o acordo son as mellores ferramentas de acción política e de que isto non implica a perda das conviccións propias, senón que asume que a acción política ten que sustentarse nas maiorías sociais, transcendendo os límites tradicionais doutras experiencias políticas transformadoras.

Partindo das premisas anteriores, Movemento Sumar Galicia é necesario porque chega para dar resposta a demandas sociais e políticas que se articulan a través dos seguintes vectores:

- A necesidade de que Galicia conte cun **novo contrato territorial e social**.
- A oportunidade de **tecer un espazo político amplo e transformador**.
- A convicción de que a cidadanía galega merece un **goberno decente** e á súa altura.
- O compromiso de traballar para conseguir unha **mudanza política en Galicia**.

Por iso apelamos á **NECESIDADE** de que Galicia conte no novo contrato territorial. Sabemos que algunhas persoas van renunciar a participar, pero nós non. Galicia debe estar presente no novo contrato territorial que se vai dar no Estado e a aposta de Movemento Sumar Galicia é clara: o Estado español é plurinacional e as implicacións disto van moito máis aló da diversidade lingüística e cultural. A plurinacionalidade ten implicacións políticas que nos toca encher de contido falando de máis autogoberno e de novas competencias, camiños imprescindibles para máis benestar.

Queremos concretar colectivamente a vontade de construír un Estado en rede, non só que descentralice dende o punto de vista administrativo, senón que exista unha verdadeira descentralización política. Cara a un modelo real e formal de federalismo.

Igualmente, observamos a **OPORTUNIDADE** de tecer un espazo político amplo e novo, que recolla o mellor das experiencias e dos capitais políticos que existen pero que innove na acción política, profundando no diálogo e no acordo como ferramentas para o avance colectivo, cunha clara e inequívoca vocación de goberno e que non teña medo a se facer cargo da Galicia real.

Un espazo que teña claras as prioridades, que pense, investigue, deseñe e avalíe políticas públicas e novos programas co obxectivo de mellorar as condicións materiais de vida dos e das galegas. Un espazo que recupere o valor das liberdades e que a igualdade real e material impregne todas as nosas accións.

Temos a firme **CONVICCIÓN** de que a cidadanía galega dá todos os días mostras de exemplaridade, dende as traballadoras, ata moitas das empresas do país, as industrias culturais, científicos e científicas, etc. Son moitas as persoas, propostas e sectores que son exemplares. E sono a pesar do seu goberno.

E faremolo co **COMPROMISO** de traballar, desde agora mesmo, por unha mudanza política en Galicia. Un cambio que só será posible se conseguimos a mobilización de toda a cidadanía galega progresista, e para isto temos que ser capaces de articular unha alternativa progresista que sexa capaz de dar esperanza e ilusión.

Por todo isto, **Movemento Sumar Galicia** é unha necesidade.

4. UN PROXECTO PARA A PRÓXIMA DÉCADA

Movemento Sumar Galicia ten un PROXECTO PARA A PRÓXIMA DÉCADA co obxectivo de gobernar Galicia para poñer en marcha políticas útiles e para construír un futuro máis xusto e emancipador.

O poderes públicos de Galicia deben asumir como reto un compromiso constante de mellora e reforzo da nosa calidade institucional e democrática, seguindo estándares internacionais, que sitúen a Galicia nunha posición de máxima transparencia, participación e compromiso cidadán. A loita contra a fraude e a corrupción constitúe unha estratexia ineludible na nosa calidade democrática.

Desde o recoñecemento do carácter nacional de Galicia, e a plurinacionalidade do Estado, consideramos que o noso país é un suceso político que debe ter ferramentas que lle permitan exercer o seu autogoberno con garantías plenas. Para defender a nosa identidade como pobo e para garantir o benestar das persoas que vivimos aquí. Ferramentas que defendan os nosos intereses en todos os estamentos e institucións nas que participemos como país, ben sexan a nivel estatal ou europeo. Apostaremos por avanzar e actualizar o noso autogoberno, aumentando o actual marco competencial.

Galicia merece un novo modelo de políticas sociais que coorde e atenda as necesidades reais da súa xente, un sistema de protección social galego inclusivo, garantista e que sirva para xerar as estruturas básicas da igualdade social.

Garantir a sostibilidade dos nosos recursos básicos (auga, medio agroforestal e mariño ou a nosa biodiversidade), entender a importancia do noso medio rural e mariño como base para unha seguridade alimentaria, ou ser consciente que Galicia é para as galegas, son as nosas prioridades. Nestes momentos de emerxencia climática e situacións xeopolíticas complexas, asegurar o futuro das vindeiras xeracións ten que ser un principio de acción para desenvolver calquera actuación política.

Un sistema de mobilidade deseñado con criterio social pretende que as persoas, independentemente do lugar onde residan, da súa idade, capacidade económica, estado físico ou xénero poidan desfrutar en plenitude do seu estado de benestar.

Por iso no Movemento apostamos por implantar en Galicia un sistema de transportes público, eficaz e economicamente accesible. Un sistema que instaurará a xustiza espacial e corraxará os desequilibrios territoriais. Un sistema que favorecerá o desenvolvemento sostible.

1. Un Estado do Benestar avanzado

Uns servizos públicos fortes son un dos sinais de identidade de Movemento Sumar Galicia. Sanidade, educación, servizos sociais, coidados ou atención á dependencia precisan dun impulso

financieiro para ampliar o seu persoal (médico e profesorado incluídos), mellorar a carteira de servizos (saúde bucodental; fisioterapia e saúde mental cun marco normativo propio e que, simultaneamente, reforce as equipas de atención psicolóxica na sanidade pública) e ampliar os dereitos da cidadanía. Tamén reformular e reforzar a prestación pública de servizos sociosanitarios hoxe privatizados: atención á dependencia, atención á drogo-dependencia ou atención temperá. Debe estudarse, e darse inicio canto antes, á reversión de todos os concertos e colaboracións público-privadas na sanidade.

A prioridade da política pública en materia de vivenda debe ter unha resposta orzamentaria sostida do conxunto das administracións, destinando como mínimo o 1,5% do PIB a este capítulo, así como a totalidade do solo urbanizable de titularidade pública mentres se manteña a situación de emerxencia social coa vivenda.

Os poderes públicos deben ser garantes da política de benestar, que debe estar fóra da lóxica lucrativa do mercado. E para garantir isto, precisamos dunha fiscalidade xusta e cunha maior progresividade. É urxente reordenar os tributos propios e reverter as bonificacións fiscais aos máis ricos (impostos de patrimonio e sucesións) que se aplican no noso país.

2. O feminismo no centro

Queremos outorgar ás accións políticas públicas de igualdade a relevancia que merecen. Entendemos o feminismo como unha aposta transversal que debe ser motor de toda a política pública, sen esquecer as accións específicas. É preciso reforzar as accións políticas de conciliación, termos unha verdadeira rede pública de coidados e mellorar a loita contra as violencias machistas, mais é tamén imprescindible poñer o foco na educación e no empoderamento das mulleres en todos os eidos profesionais e sociais coa vontade de converter os principios do feminismo en cruciais, interpelando á maioría da sociedade, e especialmente á mocidade.

3. Emprego, dignidade laboral e democracia na empresa

Somos unha forza comprometida coas necesidades das traballadoras e traballadores e loitaremos contra os abusos e os incumprimentos.

Ademais de valorizar a suba do SMI e unha reforma laboral que provocou que milleiros de galegos e galegas atoparan emprego estable, a clase traballadora galega precisa que o conxunto de reformas emprendidas e propostas para a mellora das condicións de traballo teñan na Xunta de Galicia un axente activo, tanto na súa faceta como Goberno como na posición de empregadora, contratista o licitadora.

Entendemos que o tempo de vida será (está a ser) unha das grandes loitas do futuro inmediato. Ademais da redución da xornada laboral impulsada por Sumar no conxunto do Estado, precisamos unhas institucións galegas que, en diálogo cos sindicatos e a patronal, impulsen novos convenios colectivos que profunden nesa redución e poñan en valor o tempo coma un ben escaso e imprescindible para termos vidas máis dignas, libres e felices.

A nosa identidade interpélanos a dala batalla por democratizar, tamén, as empresas. Canto mellores, máis estables e seguras sexan as relacións laborais, máis participación das persoas traballadoras na empresa, mellor remunerados os salarios, máis oportunidades para facer diminuír o caldo de cultivo do malestar e a rabia entre as persoas traballadoras. A democracia sairá gañando. Por iso, a participación na empresa e a calidade democrática na sociedade son unha relación virtuosa e imprescindible.

4. A Vivenda, un dereito

A vivenda pública nestes momentos é unha prioridade absoluta na nosa axenda política.

Temos que mellorar a porcentaxe de vivenda de promoción pública en Galicia, que está moi lonxe da media da UE. Cómpre crear unha verdadeira oferta de vivenda pública, principalmente orientada a persoas novas, familias, mulleres vítimas da violencia machista ou persoas en risco de exclusión social.

De igual forma, é importante impulsar programas enfocados á rehabilitación de vivendas en vilas e no rural para fomentar o equilibrio territorial e que a mocidade poida emprender. Igualmente, cómpre buscar solucións habitacionais públicas para as persoas maiores, hoxe abocadas a un sistema residencial privado que lles obriga a desfacerse de todo o seu patrimonio para custealo. Un sistema privatizado que, ademais, sitúase fóra do control da administración pública.

A vivenda é un dereito básico universal para o conxunto da cidadanía, a administración ten a obriga de garantir o acceso a vivenda en condicións de xustiza e dignidade social:

Actuando contra a rendibilidade fiscal e financeira que supón investir en vivenda con fins especulativos.

Establecendo tope aos prezos máximos ó alugueiro, que non poderán ser superiores ao 30% da renda media en cada zona, e prohibindo o uso turístico en zonas tensionadas.

Promovendo un parque de vivendas para alugueiro social de propiedade pública de carácter permanente, e establecendo plans de rehabilitación integral e recuperación que respondan aos intereses e a necesidades da poboación, que permita fomentar o equilibrio territorial e que a mocidade poida emprender.

5. Un rural galego vivo

Apostar pola vida no rural require, entre outras medidas o desenvolvemento dunha economía dos coidados coa implantación de servizos no lugar de arraigo (centros de día, fogar do maior e pequenas residencias), reforzar os servizos básicos (centros sociais e educativos) e os de saúde, incorporando a fisioterapia e a atención psicolóxica públicas nos centros asistenciais e de saúde nun rural cun grande envellecemento da poboación; e non menos importante, apostar por medidas que favorezan a mobilidade sostible, facilitando o transporte de viaxeiros dentro da rede de trens de cercanías e outros servizos públicos (bus baixo demanda, taxis...). Entendemos que para garantir a xustiza e a loita contra a desigualdade territorial as institucións debe ser posta en valor a transición ecosocial a través da conservación da biodiversidade e a restauración de ecosistemas, fomentando un turismo sostible, a xestión ordeada dos bosques, unha transición enerxética xusta e de baixo impacto ambiental e a recuperación de vivenda baleira ou abandonada mediante proxectos de rehabilitación.

Porén o rural galego debe dotarse de medidas de discriminación positiva, cun coidado especial que axude a frear o abandono da poboación para facelo atractivo e dinámico no que a mocidade poida ter interese en arraigar e apostar por darlle continuidade as súas vidas no territorio.

Para reverter e combater a perda de poboación entendemos necesarias medidas de atracción do talento e axudas directas á creación de empresas en espazos con intenso declive demográfico, así como unha ordenación do sector forestal, gandeiro e agrícola (agroecoloxía). Para favorecer a comercialización e o desenvolvemento dun tecido produtivo secundario, a nosa receita pasa por fomentar sistemas de cooperativas eficaces, así como apoios directos ás pequenas producións, que son as que manteñen a vida e a biodiversidade produtiva no territorio.

Dende o rural galego miramos a Europa, pois consideramos necesaria a reforma da PAC, así como políticas de apoio ás incorporacións no sector primario, ou a reforma da filosofía e funcionamento dos GDR que xestionan boa parte dos fondos europeos destinados ao rural, fomentando a participación social e primando os proxectos produtivos sostibles.

Dentro do marco de melloras para o ámbito rural, impulsárase tamén o acceso ás tecnoloxías mediante a mellora da conectividade nas zonas con maiores deficiencias na rede. Esta medida permitirá potenciar o desenvolvemento económico, social e industrial das áreas rurais, favorecendo a súa integración na economía dixital e reducindo a fenda tecnolóxica respecto as zonas urbanas.

6. Autogoberno nacional

A defensa da plurinacionalidade do Estado non debe ser unha cuestión estética, senón que debe concretarse en demandas políticas concretas. Queremos apurar o marco competencial actual e establecer unha axenda clara de novas transferencias. Así mesmo, apostamos pola creación de

novos instrumentos financeiros, económicos e sociais de carácter público que contribúan a fortalecer o noso autogoberno e a nosa capacidade de financiamento. Estes novos instrumentos financeiros encadraranse no paradigma de xustiza fiscal e solidariedade entre toda a cidadanía e entre todos os territorios do Estado.

Queremos que Galicia sexa estratéxica na gobernabilidade do Estado e que participe activamente na toma de decisións políticas nas institucións comunitarias. É preciso converter o noso país no motor das accións políticas transformadoras e de cambio.

7. Lingua

Ademais da positiva reforma do Regulamento do Congreso dos Deputados impulsada por Sumar que valoriza a nosa lingua e cultura, débese deseñar unha nova política lingüística que sexa quen de mudar a situación de perda de falantes da lingua galega, apostando por un modelo de inmersión lingüística que non só reforce o seu uso e defensa nas primeiras etapas educativas, senón que tamén se fomente a creación de contido en galego a todos os niveis, en especial, contido infantil. Débese potenciar a dispoñibilidade de contido audiovisual e ocio na nosa lingua, non só na CRTVG, senón tamén nas novas plataformas de consumo.

Sumar impulsará accións políticas de apoio á creación artística en galego, así como a iniciativas de soporte a medios de comunicación na nosa lingua.

8. Cultura e patrimonio

Queremos mellorar o acceso da cidadanía á cultura, convertilo nun verdadeiro dereito subxectivo.

O MOVEMENTO esta comprometido con mellorar as condicións laborais, de emprego e de seguridade social das traballadoras e traballadores da cultura e espectáculos, a través do pleno desenvolvemento do Estatuto do/a Artista.

Por último, entendemos que apostar pola cultura exige un verdadeiro compromiso pola Administración Pública e por iso mostramos o noso apoio ás industrias culturais galegas a través da súa integración nunha industria auxiliar da CRTVG.

9. Industria

É urxente replantexar una nova estratexia industrial propia para Galicia, participada polos interlocutores sociais e económicos, fomentando as nosas potencialidades nos eidos agroalimentarios, gandeiros, da economía do mar e dos bosques, da industria lixeira e de

transformación, da industria automovilística e do xa existente tecido industrial. Cómpre tamén adaptar a industria aos requirimentos do século XXI, no sentido de incidir en iniciativas sostíbeis e de respecto ao medio ambiente.

A emerxencia climática, que é imprescindible combater con urxencia, debe ser o fío condutor das actuacións en materia de industria, así como o respecto ao noso medio ambiente, do noso mar e das nosas costas, do noso rural e dos nosos recursos naturais, incidindo en posibilidades de traballo digno para a poboación e de desenvolvemento da sostibilidade do tecido industrial, da economía circular, e do crecemento económico que poida revertir a despoboación e industrialice Galicia para beneficio das persoas e non dos intereses corporativos.

10. Enerxía, eficiencia no consumo de recursos, redución das emisións de CO₂

O noso crecemento económico debe ir parello cun impacto positivo no medio ambiente, potenciando a produción de enerxías máis limpas, que reduzan as emisións á atmosfera e os custos enerxéticos e cun menor consumo de recursos naturais, xerando máis valor, consumindo menos. Así mesmo, defendemos o autoconsumo e a produción enerxética de cercanías, máis asumimos que non é posible atender a demanda eléctrica dun país avanzado só dese xeito. Apoiamos o impulso á ampliación do parque de enerxías renovables máis sempre con gran atención á protección do medio natural, do entorno e do patrimonio cultural.

11. A tripla transición en Galicia

Galicia debe afrontar a tripla transición (dixital, ecolóxica e socioeconómica) dunha forma xusta e equitativa. O cambio climático e o colapso ambiental afectará ao noso sistema produtivo, ás nosas rías, aos nosos montes, cun esgotamento de recursos naturais que tamén afectará á distribución da riqueza. Cómpre, polo tanto, un “novo pacto verde” en base a unha visión galega do territorio e dos recursos, acelerando a descarbonización da economía e priorizando a mirada longa sobre os impactos puntuais e temporais.

12. Unha Galicia diversa

As persoas LGTBIQA+ seguen sufrindo agresións, e o delito de odio non sempre se identifica nin é perseguido pola lei. En Galicia merecemos ter unha lei onde se protexan os dereitos de todas as persoas, onde se protexa a diversidade e garantindo que o odio e as terapias de conversión desaparezan, adaptándose así á Lei estatal.

Precisamos construír unha Galicia plenamente inclusiva e respetuosa coa diversidade sexual e de xénero. Prestarase especial atención a satisfacción dos dereitos sociais do colectivo LGTBIQA+. Así, impulsaranse normativas e políticas públicas que garantan un acceso libre de calquera forma

de discriminación ao ámbito laboral, á educación, ao sistema sanitario público, aos servizos sociais ou á vivenda.

Garantiremos o dereito á saúde física, mental e sexual de todo o colectivo e tamén á saúde reprodutiva de todas as persoas con capacidade de xestar, con especial atención ás persoas trans e as súas parellas.

Loitaremos contra calquera tipo de discriminación que ameace o seu benestar e dereito ao libre desenvolvemento da personalidade e a desenvolver un proxecto vital propio. Loitaremos polo recoñecemento das identidades non binarias, así como pola inclusión da diversidade sexual e de xénero na sociedade e nos contidos de tódolos medios de comunicación do país.

13. Ciencia, Tecnoloxía, Innovación e Universidades

Precisamos unha verdadeira Axencia Galega de Ciencia e Innovación que centralice todos os aspectos referidos aos marcos de cooperación entre actores (HUBS, IGAPE, Universidades, Institutos, ACSUG, grupos de investigación e empresas), a captación e xestión de fondos europeos e estatais así como o establecemento dun fondo estratéxico de carácter específico cunha visión netamente galega e internacionalizada, orientada á captación de talento.

Débese dotar ás universidades e ós estudos superiores de orzamento suficiente para garantir unha formación de calidade e poder ter equipos investigadores. É necesario a especialización, tanto docente como investigadora, non só a polivalencia, para ofrecer un mellor servizo ó alumnado e á cidadanía. Promover e garantir as investigacións relevantes para o contexto social, económico e cultural, e cuns obxectivos claros. Así mesmo, garantir a igualdade de oportunidades e fomentar a labor investigadora a todos os niveis, ofrecendo facilidades para poder reter e atraer talento.

14. Ordenación de territorio, infraestruturas e mobilidade

Débese entender Galicia como un todo, tanto a trama urbana das sete cidades en rede, como a visión villega e do rural. En base a esa concepción unitaria tense que artellar o territorio, sabendo combinar as nosas potencialidades coas do Norte de Portugal.

É importante establecer estruturas comarcais en Galicia que axuden a superar as dificultades demográficas, económicas, sociais e de mobilidade do territorio.

A conexión interna e por ferrocarril deben ser unhas das prioridades de Sumar Galicia (tren de proximidade para as áreas metropolitanas, entre cidades e intercomarcais). Neste sentido, cremos que a mobilidade do noso País debería democratizarse.

Urxe a reversión pública da AP-9 para convertela en gratuíta. A propia Comisión Europea está pondo en tea de xuízo a actual prórroga acordada polo goberno Aznar.

Precisamos un plan de mobilidade para todo o país que teña en conta persoas e mercadorías, así como portos e aeroportos, que deben de ter a mellor inserción na Rede Transeuropea de Transportes. Mediante unha empresa pública de mobilidade e en colaboración cos concellos, artellaremos unha estratexia de transporte público en autobús que responda ás necesidades e demandas reais da cidadanía. Promoveremos a posta a disposición de sistemas públicos de alugueiro de bicicletas en todos os núcleos urbanos do país, fomentando as peonalizacións e os medios de transporte alternativos ao vehículo privado.

15. Infancia e mocidade

As mozas e mozos de Galicia precisan de accións políticas á altura das súas necesidades. Neste sentido, Sumar Galicia propón tres grandes bloques de medidas para a mocidade.

Unha política formativa, con mellora na accesibilidade á formación universitaria e profesional a través da redución das taxas e das mellora das bolsas; en segundo termo, unha política de lecer centrado na mellora da mobilidade nocturna e na mellora das actividades lúdicas, culturais e deportivas; finalmente, un Plan de Emprego Xuvenil con accións específicas destinadas á inserción laboral, acompañado doutras medidas como o Estatuto do Bolseiro que mellore as condicións laborais.

É fundamental aglutinar esforzos na educación das crianzas, polo que se debe facilitar o acceso a unha educación pública de calidade, dotada dos medios necesarios e equipos multidisciplinares profesionais, para promover unha educación que atenda á diversidade. Este modelo debe priorizarse fronte ao ensino privado, fonte de desigualdade e de mercantilización dun dereito fundamental. Igualmente, debe darse inicio a unha reversión de todos os concertos educativos, tendendo á súa completa absorción pola pública, evitando así os sobrecustes e as cotas económicas ilegais.

O sistema educativo debe garantir o pleno desenvolvemento e protección da infancia e adolescencia en entornos libres de todo tipo de violencias, incorporando os perfís profesionais e as ferramentas que doten ao alumnado das competencias emocionais e sociais necesarias.

Débese facer un especial esforzo na acollida de nenos e nenas migrantes, dotándoos de todos os recursos necesarios para posibilitar a igualdade de oportunidades.